

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 27 DE XANEIRO DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 27 de xaneiro de 2015.

HORA DE COMEZO: 19:10 h.

HORA DE REMATE: 19:45 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D^a M^a Lucía Lede Fernández.

AUSENTES: D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto (xustifica en escrito R.E. n^o 907 a súa inasistencia)

SUPLENTES: D. Francisco Javier Soliño Soliño.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1^o.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 12 E 19 DE XANEIRO DE 2015

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, deixar sobre a mesa pendentes de aprobación os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 12 e 19 de xaneiro de 2015.

URBANISMO E VIVENDA

2^o.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 22 DE XANEIRO DE 2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

2.A) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE N° 22.529.- LICENCIA MUNICIPAL N° 22.003.- A Cesar Sa Villar e Milagros Cordeiro Miranda, aceptaselle a renuncia a referida licenza, solicitada con data 12 de xaneiro de 2.015.

3°.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓN S PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

Dase conta a Xunta de Goberno Local das seguintes comunicacións previas:

OBRAS:

EXPEDIENTE N° 25.111.- GAS GALICIA S.D.G. S.A., canalización para tuberia de gas en rúas Valentín Losada, Colón, Benigno Soage e Lúa - Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.122.- Pilar Martínez Villar, substitución de cuberta en Ramal Paraíso 13 - Darbo.

EXPEDIENTE N° 25.332.- Juan Carlos Rodríguez Llanos, cerco en Barreiras 5 D - Darbo.

EXPEDIENTE N° 25.335.- Giorgio de Cesero de Bona, reformas interiores en Ameles 29 - Hio.

EXPEDIENTE N° 23.336.- María del Carmen Piñeiro Chapela, cerco parcial en Magdalena 4 - Darbo.

EXPEDIENTE N° 25.344.- Carolina Coya Paz, reformas varia en Lapiña 15 - Nerga - Hio.

EXPEDIENTE N° 25.348.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DIAMENTE, impermeabilización fachadas en Avda. Vigo 48 - Cangas. EXPEDIENTE N° 23.354.- Amalia Soage Molanes, reparación fachada, pintados e apertura de oco en planta baixa en Avda. Ourense 9 - Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.356.- COMUNIDAE' DE PROPIETARIOS EDIFICIO CANABES, impermeabilización e reparacións en Atranco 19 Cangas.

ACTIVIDADES:

EXPEDIENTE N° 1.728.- ACROPOLIS C.B., cambio titularidade café - bar en Avda. Ourense 32 - baixo - Cangas.

EXPEDIENTE N° 23.353.- CAIXABANK S.A., ampliación interior re.cinto de caixeiros e instalación de un caixeiro en Montero Rios 17 - Cangas.

SANIDADE,SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

4º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 23.1.15, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"Con relación ao Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF), achégase proposta correspondente para:

* BAIXA pola quenda de dependencia dos expedientes:

- 36008/01/O00270-PO/16068.

- 36008/01/001014-PO/9253.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar íntegramente a proposta transcrita.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

5º.- PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS AO ABEIRO DA ORDE DO 23 DE DECEMBRO DE 2014 DE FOMENTO DO EMPREGO EN COLABORACIÓN CON ENTIDADES LOCAIS ANO 2015

Dáse conta de proposta do día 21.1.15 da Concellería de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de subvencións, ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2014 de fomento do emprego en colaboración con entidades locais-ano 2015, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE EMPREGO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS AO ABEIRO DA ORDE DO 23 DE DECEMBRO DE 2014 DE FOMENTO DO EMPREGO EN COLABORACIÓN CON ENTIDADES LOCAIS-ANO 2015

Vista a Orde do 23 de decembro de 2014, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2015, a concelleira de Emprego e Turismo propón á Xunta de Goberno Local, o seguinte:

PRIMEIRO.- *Solicitar ao abeiro da citada Orde do 23 de decembro de 2014, subvención para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as, de acordo coa seguinte táboa, que contrataría o Concello de Cangas, en caso de percibirse a pertinente subvención por parte da Consellería de Traballo e Benestar:*

SERVIZO	OCUPACIÓNS SOLICITADAS	DURACIÓN CONTRATO	XORNADA	Nº TRABALLADORES
<i>SALVAMENTO EN PRAIAS</i>	<i>4 Patróns 20 Socorristas</i>	<i>2 meses</i>	<i>Completa</i>	<i>24</i>
			<i>TOTAL</i>	<i>24</i>

SEGUNDO.- *Aprobar os proxectos que respecto dos servizos para os que se solicita a subvención, constan no expediente.*

TERCEIRO.- *Facultar ao Sr. alcalde-presidente, D. José Enrique Sotelo Villar, para que asine a solicitude de subvención.*

CUARTO.- *Remitir o presente acordo á Xefatura Territorial de Vigo da Consellería de Traballo e Benestar, achegado da documentación que sinala a citada orde."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita da Concellería de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de subvencións, ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2014 de fomento do emprego en colaboración con entidades locais-ano 2015.

EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

6º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE EDUCACIÓN, CULTURA, EDUCACIÓN, PATRIMONIO, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DE AUTORIZACIÓN PARA SOLICITAR A DESAFECTACIÓN DE VIVENDAS ESCOLARES NO CEIP DE CANGAS

Este punto foi retirado da orde do día para tratarse no vindeiro pleno que se realice.

7º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE EDUCACIÓN, CULTURA, PATRIMONIO, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR SOCIAL E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O DESENVOLVEMENTO E DIFUSIÓN DO PROGRAMA "CARNÉ XOVE" NO ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

Examinada a proposta do día 19.1.15 do concelleiro de Educación, Cultura, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado, referente a sinatura de convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar Social e a Federación Galega de Municipios e Provincias, para o desenvolvemento e difusión do programa "CARNÉ XOVE" no ámbito da administración local, que di o seguinte:

"PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Proposta de D. José Luis Gestido Porto, concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado do Concello de Cangas, para asinar o convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar Social da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias, para o desenvolvemento e difusión do programa Carné Xove no ámbito da Administración Local.

A adhesión implica asumir un desconto aos mozos e mozas titulares do Carné Xove no importe das taxas ou prezos que teñan establecidos para os sevizos municipais que prestan e dos que poden ser usuarios/as os mozos e mozas con idades comprendidas entre os 12 e os 30 anos, así como nas actividades dirixidas á xuventude que organice ou nas que participe o concello."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Educación, Cultura, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado, referente a sinatura de convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar Social e a Federación Galega de Municipios e Provincias, para o desenvolvemento e difusión do programa "CARNÉ XOVE" no ámbito da administración local.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

8º.- RATIFICACIÓN DE DECRETO DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DO 3º TRIMESTRE DA "ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS DO MORRAZO".

Visto o Decreto da Alcaldía do día 30.12.14, referente a aprobación de conta xustificativa do 3º trimestre da "ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS DO MORRAZO", que di o seguinte:

"DECRETO DA ALCALDÍA

Visto o convenio asinado entre o Concello de Cangas e a "Asociación Protectora de Animais do Morrazo" en data 23.04.2014.

Visto o escrito entregado no rexistro municipal o día 28.11.2014 (entrada nº 13.822) no que Aurelia Soaje Pérez, en representación da mencionada asociación, achega as facturas compulsadas como xustificación dos gastos do 3º trimestre do 2014, que ascenden a 3.752,85 € e solicita que o concello proceda ao pagamento de 3.750,00 €.

Visto que consta na documentación achegada a documentación establecida na cláusula 6ª do convenio, relativa aos certificados de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

Examinada a conta xustificativa comprensiva dos gastos efectuados, compróbase que esta cumpre co estipulado no referido convenio en canto a gastos subvencionables e requisitos dos documentos que acreditan a realización do gasto. Así mesmo, a beneficiaria achegou a documentación á que viña obrigada, segundo o convenio suscrito, tales como declaracións responsables, documentos xustificativos de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social, así como memoria das actuacións realizadas.

Visto que a competencia relativa á concesión de subvencións corresponde á Xunta de Goberno Local en virtude da delegación efectuada mediante Resolución desta Alcaldía de data 16.06.2011 (apartado primeiro.7 da súa parte dispositiva) pero que cómpre aprobar a conta xustificativa e recoñecer a obriga dentro do presente ano 2014.

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia que esta Alcaldía ten delegada na Xunta de Goberno Local aos efectos de aprobar esta subvención.

Segundo.- Aprobar a conta xustificativa do 3º trimestre presentada pola Asociación Protectora de Animais do Morrazo, relativa ao convenio de colaboración asinado con este concello o día 23.04.2014.

Terceiro.- Recoñecer a obriga por importe de TRES MIL SETECENTOS CINCUENTA EUROS (3.750,00 €) a favor da Asociación Protectora de Animais do Morrazo, con CIF nº G36196731.

Cuarto.- Notificar esta resolución ao interesado con indicación dos recursos procedentes, e dar traslado desta aos departamentos municipais de Intervención e Tesourería.

Quinto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se realice para os efectos da súa ratificación."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente o Decreto da Alcaldía transcrito anteriormente, referente a aprobación de conta xustificativa do 3º trimestre da "ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS DO MORRAZO".

9º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

9.A) APROBACIÓN DE PROPOSTA DA ALCALDÍA S/RECTIFICACIÓN DO ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 12/01/2015, RELATIVO Á SENTENZA Nº 217/2014 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 314/2013 (X-13/28)

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 22.1.15, referente a rectificación do acordo da Xunta de Goberno Local do día 12.1.15, relativo a sentenza nº 217/2014, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra no procedemento abreviado nº 314/2013, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RECTIFICACIÓN DO ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 12/01/2015, RELATIVO A SENTENZA Nº 217/2014, DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 314/2013 (X-13/28)

Visto que por acordo de Xunta de Goberno Local do día 12/01/2015, pola Xunta de Goberno Local se tomou coñecemento da sentenza nº 217/2014 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, polo que estimando parcialmente o recurso interposto e se condena ao Concello de Cangas ao aboamento, ao reclamante, da cantidade de 873,56 euros, máis xuros polos danos provocados nun vehículo ao ser retirado polo guindastre municipal.

Visto que nos antecedentes do citado acordo se daba conta da existencia dunha póliza de seguro con MAPFRE cunha franquía de 300,00 euros, para a cobertura da continxencia, recoñecéndose no punto segundo da parte dispositiva do acordo a obriga polo importe desa contía.

Visto que trasladada a sentenza á aseguradora, ésta nos recorda que para o sinistro notificado coa póliza vixente entre o 01/07/2012 e 31/12/2012, este carece de cobertura dado que a citada póliza expresamente excluía os bens manipulados, polo que o concello debe asumir integramente o custo da sentenza, rectificando en consecuencia o acordo adoptado en Xunta de Goberno Local do 12/01/2015.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propon á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Rectificar o acordo de Xunta de Goberno Local do día 12/01/2015, relativo á sentenza nº 217/2014 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, resolutoria do procedemento abreviado nº 314/2013, de tal xeito que:

- Suprímese integramente o parágrafo terceiro dos antecedentes que comeza por: 'Visto que o concello ten subscrita unha póliza...'*
- Rectifícase o contido do punto segundo da parte dispositiva, de tal xeito que onde di: 'Recoñecer a obriga por importe de 300,00 €', dirá: 'Recoñecer a obriga por importe de 873,56 €.'*
- Suprímese no punto terceiro da parte dispositiva do acordo, así como, a aseguradora 'MAPFRE'.*

Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a rectificación do acordo da Xunta de Goberno Local do día 12.1.15, relativo a sentenza nº 217/2014, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra no procedemento abreviado nº 314/2013.

9.B) DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA Nº 250/2014 DO 28/11/2014 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 102/2014 (X-14/14)

Dase conta de sentenza nº 250/2014 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº 102/2014, promovido por Luís Chorén Vilar, Ramón Gago Baqueiro, David Villar Piñeiro, Evaristo Rivas Barcia, Francisco Santos González, José Carlos Romero Fernández, Enrique Lago Soto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 250/2014 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº 102/2014, promovido por Luís Chorén Vilar, Ramón Gago Baqueiro, David Villar Piñeiro, Evaristo Rivas Barcia, Francisco Santos González, José Carlos Romero Fernández, Enrique Lago Soto.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Apoio Xurídico.

9.C) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA Nº 714/2014 DITADA O DÍA 03.12.2014 POLA SECCIÓN 1 DA SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO RECURSO DE APELACIÓN Nº 305/2014, INTERPOSTO FRONTE A SENTENZA Nº 120/14 DITADA O DÍA 26.05.2014 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 276/2013 (X-13/25)

Dase conta de sentenza nº 714/2014 ditada pola Sección 1 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no recurso de apelación nº 305/2014 interposto fronte a sentenza nº 120/14 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no procedemento abreviado nº 276/2013, promovida por Ángel Molanes Fernández.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 714/2014 ditada pola Sección 1 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no recurso de apelación nº 305/2014 interposto fronte a sentenza nº 120/14 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no procedemento abreviado nº 276/2013, promovida por Ángel Molanes Fernández.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Apoio Xurídico.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) APROBACIÓN DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO ACORDO A ADOPTAR PARA O CUMPRIMENTO DA PEZA DE EXECUCIÓN Nº 21/09-C, DIMANANTE DO P.O. Nº 93/2005, DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº1 DE PONTEVEDRA

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 26.1.15, referente a acordo a adoptar para o cumprimento da peza de execución 21/09-C, dimanante do P.O. 93/2005, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO ACORDO A ADOPTAR PARA O CUMPRIMENTO DA PEZA DE EXECUCIÓN 21/09-C, DIMANANTE DO P.O. 93/2005, DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº1 DE PONTEVEDRA

Visto o contido do Auto ditado polo Xulgado Contencioso-Administrativo Nº 1 de Pontevedra, do día 5 de xaneiro 2010, no que se ordenaba ao concello á demolición do acordado en sentenza do día 5 de febreiro de 2007, nos P.O. acumulados 93/2005 e 126/2005, confirmada polo TSX de Galicia en data 12.02.2009.

Solicitada a imposibilidade legal de execución de sentenza esta resultou mediante auto do día 15 de marzo de 2012.

Visto que por sentenza do 11 de outubro de 2012, ditada pola Sección 2º da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza, no recurso de apelación nº 4390/2012, formulado fronte dito auto, se dispuxo que o

exame e decisión da execución da sentenza tería que efectuarse a partir do 20 de abril de 2013, á vista da resultancia da vía legalizadora en tramitación (modificación puntual das normas subsidiarias do Concello de Cangas relativa ó SAU 1 'Alto da Portela').

Resultando que tras os informes quincenais remitidos ao Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, relativos aos trámites efectuados con relación á execución da sentenza e ao retraso na tramitación da referida vía legalizadora, ao dilatarse en exceso a obtención dos preceptivos informes sectoriais para proceder á aprobación provisional do documento de modificación puntual das normas, ditouse providencia ordenando a execución da sentenza no prazo máximo de tres meses o pasado 4 de setembro de 2014.

Visto que o día 12 de decembro de 2014 se solicitou ampliación do prazo fixado, toda vez que a providencia do 4 de setembro de 2014, foi recorrida en reposición e resolta por auto do día 27 de outubro de 2014.

Resultando que o 2 de xaneiro de 2015, se remitiu ao concello dilixencia de ordenación concedendo quince días ao Sr. alcalde para formular alegacións en relación coa solicitude da parte executante de imposición de multa.

Visto que mediante escrito do día 12 de xaneiro de 2015, se solicitou a non imposición de multa algunha tendo en conta que sempre existiu e existe vontade de dar cumprimento á sentenza, escrito no que se comunica, entre outros aspectos, que se estaba redactando o proxecto de demolición.

Resultando que o proxecto de demolición encomendouse aos servizos técnicos municipais e que este foi redactado en data de decembro de 2014.

De acordo co ata aquí exposto esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Que polo Servicio de Contratación se proceda, en cumprimento da sentenza do día 5 de febreiro de 2007, ditada nos P.O. acumulados 93/2005 e 126/2005, confirmada polo TSX de Galicia o día 12.02.2009, ao inicio do expediente de contratación para a demolición da planta de fabricación de formigón fresco e nave de almacén sita en San Cosme-A Portela-Cangas, con base no proxecto de demolición elaborado polos servizos técnicos municipais de data decembro de 2014. O orzamento xeral desta ascende a CINCUENTA E DOUS MIL DOUSCENTOS SEIS EUROS (52.206,00 €).

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos de Intervención, Contratación e Urbanismo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta Alcaldía transcrita anteriormente, referente a acordo a adoptar para o cumprimento da peza de execución 21/09-C, dimanante do P.O.

93/2005, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.

B) RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NAS ESPECIALIDADES DE SEGURIDADE, HIXIENE E ERGONOMÍA

Dáse conta de Resolución da Alcaldía do día 22.1.15, referente a contratación do Servizo de prevención de riscos laborais nas especialidades de seguridade, hixiene e ergonomía, que di o seguinte:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto que mediante providencia de Alcaldía do día 21 de xaneiro de 2015, foi acreditada a necesidade deste concello de contratar o servizo de prevención de riscos laborais, nas especialidades de seguridade, hixiene e ergonomía, cuxo prezo ascende á cantidade de 14.462,00 euros, máis 3.037,02 € do IVE.

Visto que con data 22 de xaneiro de 2015, foi emitido informe de Intervención, no que se acreditaba a existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a realización do contrato.

Examinada a documentación que a achega, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- *Levar a cabo o servizo de prevención de riscos laborais, nas especialidades de seguridade, hixiene e ergonomía, mediante o procedemento de contrato menor, co contratista 'Premap Seguridad y Salud, S.L.U.', por un importe de DEZASETE MIL CATROCENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (17.499,02 €), (21% de IVE incluído), polo período comprendido entre o 1 de febreiro ao 31 de decembro de 2015.*

SEGUNDO.- *Aprobar o gasto correspondente á prestación do servizo con cargo á partida correspondente do vixente orzamento municipal.*

TERCEIRO.- *Notificar a resolución ao adxudicatario, requeríndolle para que presente no prazo de 10 días hábiles a seguinte documentación:*

- Documentación acreditativa da personalidade xurídica do empresario.*
- Documentación xustificativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou que autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a contratación do Servizo de prevención de riscos laborais nas especialidades de seguridade, hixiene e ergonomía.

C) RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA A POLICÍA LOCAL

Dáse conta de Resolución da Alcaldía do día 22.1.15, referente a adquisición de vehículo para a Policía Local, que di o seguinte:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a necesidade deste concello de adquirir un vehículo para a policía municipal polos motivos expostos no informe da concelleira de Seguridade, Tráfico, Policía Local e Protección civil do día 15 de xaneiro de 2015 e por tanto, se considera imprescindible efectuar a contratación de tal subministración.

De conformidade co presuposto elaborado o día 23.12.2014 por 'Talleres Rodosa, S.L.', o importe do contrato para a adquisición dun vehículo 'Dacia Duster Ambiance DCI 110 cv', ascendería á cantidade de 16.637,00 euros, IVE incluído.

Dadas as características da subministración procede o contrato menor.

Visto que con data 22 de xaneiro de 2015, foi emitido informe de Intervención, no que se acredita a existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a realización do contrato.

Examinada a documentación que a achega e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

DISPOÑO:

PRIMEIRO.- *Levar a cabo a subministración dun vehículo patrulla para o servizo da Policía Local, modelo 'Dacia Duster Ambiance DCI 110 cv', mediante o procedemento do contrato menor, co contratista 'Talleres Rodosa, S.L.', con CIF B36620193, por un importe de TRECE MIL CINCOCENTOS VINTE EUROS (13.520,00 €) e DOUS MIL OITOCENTOS OITENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (2.887,50 €) de IVE.*

SEGUNDO.- *Aprobar o gasto correspondente á prestación da subministración con cargo á partida correspondente do vixente Orzamento.*

TERCEIRO.- *Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data da sinatura da resolución, requiríndolle para que presente a seguinte documentación:*

- *Documentación acreditativa da personalidade xurídica do empresario.*

- *Documentación xustificativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou que autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso.*

CUARTO.- *Unha vez realizada a prestación, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede.*

QUINTO.- *Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se realice."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda ratificar a resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente referente a adquisición de vehículo para a Policía Local.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente